

# Cooperativismo e economía social

## Manual de financiamiento







# **Cooperativismo e economía social**

**Manual de financiamiento**






## **Contidos**

PRESENTACIÓN	7
INTRODUCCIÓN	11
MODELO DE XESTIÓN FINANCEIRA	15
<i>CAPÍTULO I: O CICLO DO CAPITAL INVESTIDO</i> .....	17
<i>CAPÍTULO II: OS ESTADOS FINANCEIROS</i> .....	21
<i>CAPÍTULO III: O BALANCE</i> .....	25
<i>CAPÍTULO IV: OS INVESTIMENTOS</i> .....	29
<i>CAPÍTULO V: A ESTRUTURA FINANCEIRA</i> .....	35
<i>CAPÍTULO VI: A CONTABILIDADE ANALÍTICA</i> .....	39
<i>CAPÍTULO VII: AS ANÁLISES ECONÓMICO - FINANCEIRAS</i> .....	43
A NEGOCIACIÓN FINANCEIRA	49
<i>Fase I: DETECCIÓN DE NECESIDADES FINANCEIRAS</i> .....	53
<i>Fase II: ELECCIÓN DE ENTIDADES BANCARIAS</i> .....	53
<i>Fase III: PROCESO DE NEGOCIACIÓN BANCARIO</i> .....	54
<i>Fase IV: SEGUIMIENTO</i> .....	55
<i>Fase V: AVALIACIÓN DA RELACIÓN BANCO – EMPRESA</i> .....	56
O RISCO POR PARTE DOS BANCOS	57
<i>Fase I: RECOLLIDA DE DATOS SOBRE A COOPERATIVA</i> .....	59
<i>Fase II: ANÁLISE DO RISCO DA COOPERATIVA</i> .....	61
<i>Fase III: ANÁLISE DA COOPERATIVA E O SEU ENTORNO</i> .....	61
<i>Fase IV: ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA</i> .....	61
<i>Fase V: ANÁLISE DA RELACIÓN DE BENS</i> .....	62
<i>Fase VI: SEGUIMIENTO E CONTROL</i> .....	62
BIBLIOGRAFÍA	63



# PRESENTACIÓN







O proxecto NEXUS REDE “Retos e desafíos para a adaptabilidade das cooperativas e o fomento da igualdade de oportunidades en sectores estratéxicos da economía galega”, co-financiado nun 75% polo Fondo Social Europeo enmárcase na Iniciativa Comunitaria EQUAL a través do Eixe III: Adaptabilidade, e da Área temática 4: apoio á adaptabilidade das empresas e as persoas traballadoras no uso das tecnoloxías da información e outras novas tecnoloxías.

No actual marco de actuación, novos escenarios presentan novos desafíos e tamén renovadas potencialidades para o cooperativismo, factor de riqueza colectiva no desenvolvemento dun medio sostible. A resposta cooperativa á evolución dos diferentes sectores económicos segue a ser un factor imprescindible de desenvolvemento sostible económica e socialmente dada a súa importante presenza na sociedade. O traballo conxunto das entidades socias que integran a nosa Agrupación de Desenvolvemento: Unión de Cooperativas, Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA); Federación de Empresas Cooperativas SINERXIA, Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA, Federación Galega de Redeiras Artesás O PEIRAO, Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo; Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Universidade de Santiago de Compostela, no marco do Programa Equal II, fixo posible o desenvolvemento do Programa NEXUS REDE.

A participación activa e plena das cooperativas galegas é un elemento clave na estabilidade da nosa economía e sociedade pola súa estreita relación co entorno, ofrecendo valor ao conxunto da economía. As cooperativas, como dinamizadoras das súas zonas de influencia, teñen un importante papel que desempeñar atendendo a un dos principios básicos do cooperativismo: a súa implantación no desenvolvemento da comunidade na que se asenta a entidade, ofertando respostas ante necesidades cambiantes da economía e da sociedade.

Sendo a maioría dos proxectos cooperativos existentes na actualidade en Galicia viables economicamente, padecen problemas para o acceso aos instrumentos financeiros tradicionais. As características particulares das sociedades cooperativas fan que, en xeral, o financiamento dos procesos cooperativos proceda, esencialmente, das achegas dos propios socios/as das cooperativas.


O resultado reflíctese neste manual no que se sintetizan as realidades do cooperativismo galego e se proxectan as súas potencialidades, ao mesmo tempo que pode servir de elemento orientador das diferentes actuacións que poidan levar a cabo as cooperativas.

Cómpre, por último, agradecer a todas as persoas, asociacións, emprendedores e cooperativas que nos concederon o seu tempo, os seus coñecementos e a súa experiencia sen as cales sería imposible a realización desta guía. A todas elas o noso agradecemento e recoñecemento máis sinceros.





# INTRODUCCIÓN





**A**o igual que calquera empresa de corte capitalista, as cooperativas precisan dunha serie de recursos que garanten o seu futuro a través dunha adecuada xestión económica.

É necesario especificar que en liñas xerais as cooperativas adoitan dispor duns capitais propios que resultan escasos e limitados, ata o punto de condicionar de forma substancial a viabilidade do proxecto. Esta circunstancia queda ratificada pola débil estrutura financeira que presentan as cooperativas cunha capitalización exigua e co mínimo inmovilizado propio.

A pequena dimensión das empresas cooperativas deriva tamén nunha dificultade engadida para a obtención de créditos e en definitiva encarecen á vez que reducen os fondos dispoñibles.

Se comparamos o financiamento propio das cooperativas coas empresas mercantís capitalistas observamos unha serie de desvantaxes a favor das segundas que podemos circunscribir á debilidade financeira dos/as promotores, a liberdade de entrada e saída dos socios/as e a escasa capacidade de xeración de excedentes.

Como ben é sabido, existen dúas condicións de “supervivencia económica” para calquera empresa:

- Recuperar a través do ciclo produtivo de capital “algo máis” có valor dos investimentos realizados.
- Obter un “excedente” ou beneficio real equivalente cando menos ao custe de oportunidade no mercado financeiro.

As cooperativas deben cumprir estas dúas condicións, colocando no mercado os seus produtos ou servizos a un valor superior ao custe dos factores produtivos que tiveron que destruír ou consumir.

Sería tamén conveniente, dedicar unha parte do beneficio ao propio reinvestimento da actividade como garantía dun futuro incerto.

Os recursos financeiros propios teñen dúas claras orixes:

1. Achegas sociais realizadas ao constituírse a cooperativa ou en posteriores achegas.
2. Autofinanciamento ou reinvestimentos de beneficios.

En canto aos recursos alleos obtidos pola empresa para o financiamento de activos podemos clasificalos en dous grandes grupos:

1. Acredores a longo prazo: Débedas con vencemento nun prazo superior a doce meses e destinados xeralmente a financiar activos fixos.
2. Acredores a curto prazo: Débedas que a empresa contrae para financiar activos circulantes cun vencemento inferior a doce meses.



Tendo en conta estes principios, podemos concretar tal e como establece o LIBRO BRANCO DO COOPERATIVISMO que non existen grandes diferenzas no que se refire ao equilibrio financeiro dos diferentes sectores do cooperativismo, non obstante, a estrutura económica si varía substancialmente.

Facendo unha pequena radiografía da estrutura económico - financeira das cooperativas observamos:

1. O activo fixo no traballo asociado cóbrese nunha maior proporción con fondos propios que con recursos alleos a longo prazo. Debido ás diferenzas existentes nos diferentes sectores de actividade desta tipoloxía de empresas (servizos - industrias) vaise demandar un esforzo en consonancia do inmovilizado. Estas diferenzas tamén se rexistran no ciclo de explotación ou activo circulante.
2. En canto á relación dos recursos financeiros e o seu destino é necesario sinalar a excesiva frecuencia coa que se financia inmovilizado con recursos esixibles a curto prazo que se adoita traducir nun serio problema de liquidez para a cooperativa.
3. Existe unha forte dependencia dos recursos alleos a curto prazo dentro da estrutura do pasivo.
4. O activo dedicado á explotación adoita ser superior aos recursos a curto prazo.

Ata aquí, desenvolvemos unha pequena reflexión sobre a situación económico - financeira das cooperativas de traballo asociado en liñas xerais.


Sería conveniente sistematizar a xestión financeira para, a partir dos estados contables, comparar non só a evolución da empresa senón tamén con outras do mesmo sector baixo outras formas xurídicas.

Desde a nosa humilde posición, entendemos que interesa o estudio a través de tres grandes grupos de ratios:

1. Os que ofrezan información sobre a estrutura patrimonial da empresa e a capacidade da mesma para facer fronte aos seus compromisos de pago (solvenza xeral, liquidez, tesourería, tesourería neta, endebedamento, calidade da débeda, ...).
2. Os que se centran na análise da rendibilidade (rendibilidade económica, rendibilidade financeira, apalancamento financeiro, ...).
3. Os que tratan de avaliar a xestión de activos (rotación do activo, rotación do activo inmovilizado e circulante,...).

Evidentemente, a amplitude con que desenvolvemos estes tres apartados permitiranos o posterior desenvolvemento dun sistema non só de análises dos diferentes estados financeiros senón tamén de planificación financeira para unha adecuada toma de decisións.

# MODELO DE XESTIÓN FINANCEIRA







## CAPÍTULO I: O CICLO DO CAPITAL INVESTIDO

As cooperativas ao igual que calquera outra empresa adquiren recursos financeiros a través dos seus socios ou das entidades financeiras co fin de poder desenvolver a súa actividade mercantil. Evidentemente, os/as acredores prestan diñeiro ás cooperativas coa condición de que este sexa devolto nun prazo determinado. Estes recursos financeiros supoñen un custe para a cooperativa e aboaranse periodicamente en forma de xuros.

A empresa vai empregar estas unidades monetarias na adquisición de equipos e bens necesarios para realizar a súa actividade. A cooperativa transforma as materias primas en produtos elaborados que comercializa no mercado co fin de recuperar os recursos financeiros investidos. Este proceso descrito denomínase *ciclo de capital investido*.




Figura 1.- Proceso do ciclo de capital investido

O ciclo de investimento - desinvestimento péchase a partir da comercialización da produción e posterior recuperación económica por parte da cooperativa. O diñeiro obtido pódese:

- Reinvestir para repoñer os bens necesarios para seguir desenvolvendo o proceso produtivo.
- Devolver os recursos alleos ao seu vencemento e volver a endebedarse para seguir investindo.
- No hipotético caso de que a cooperativa obtivera un excedente ou beneficio poderá repartilo entre os seus socios/as ou reinvestilo.

Neste ciclo de capital investido é necesario resaltar dous aspectos:

1. A actividade mercantil desenvolvida pola cooperativa debe permitir o recuperar os investimentos realizados posto que independentemente do éxito ou fracaso do

proxecto empresarial os recursos alleos teñen que ser devoltos.

2. Nalgunhas cooperativas a actividade mercantil está internamente ligada ao ánimo de lucro, é dicir, os socios/as invisten na cooperativa co obxectivo de gañar diñeiro. O excedente económico que se debe producir é o resultado entre as súas vendas e ingresos e os seus gastos. Noutras a actividade mercantil persegue unha mellora económica dos socios/as a través de gañar mais diñeiro no seu negocio e tamén unha mellora social, ao permitir ó socio/a unha mellora na calidade de vida, proporcionándolle máis tempo libre e/ou a realización de tarefas en mellores condicións de seguridade e hixiene.

Estas dúas circunstancias tradúcense na obtención dun beneficio para a supervivencia da cooperativa. Outro feito que non podemos obviar é que nunha economía de mercado reproducécese un constante proceso de perda do valor do diñeiro coñecido co nome de inflación, e como consecuencia parte do beneficio obtido pola cooperativa non poderá ser distribuído e empregarse para manter o poder adquisitivo do capital aportado.

Neste preciso instante xa podemos enunciar as tres posibilidades que se derivarán do ciclo de capital da cooperativa:

1. A cooperativa obtén recursos financeiros para poder desenvolver a súa actividade mercantil de dúas fontes:
  - i. Os seus socios/as (recursos propios).
  - ii. Entidades de crédito (recursos alleos).
2. Cos recursos obtidos a cooperativa realizará os seus investimentos tratando de cumprir a seguinte igualdade:

$$\text{TOTAL INVESTIMENTOS REALIZADOS} = \text{TOTAL RECURSOS OBTIDOS}$$

3. A cooperativa pretende non só recuperar os investimentos realizados senón obter un excedente que posibilite o mantemento do poder adquisitivo do capital e por suposto a distribución dun dividendo como rendibilidade do investimento realizado.

Acabamos de introducir un novo termo *rendibilidade* que podemos definir como a relación entre o excedente económico e o capital investido.

$$\text{RENDIBILIDADE} = \text{BENEFICIO} / \text{CAPITAL INVESTIDO} \times 100$$

Á hora de tratar o beneficio empresarial é necesario sinalar que o seu cálculo faise tras devengar o correspondente imposto de sociedades.

Ao contabilizar o imposto de sociedades como un gasto, preséntasenos un problema desde o punto de vista económico que consiste en cifrar a contía a considerar como gasto do exercicio, posto que o seu importe non ten que coincidir coa cantidade que aboe a cooperativa como concepto tributario *¿a que se debe esta posible discordancia?*

A resposta é moi simple. A cooperativa, ao igual que calquera outra empresa, calcula o seu resultado económico en base a unha serie de normas contables mentres que a base imponible do imposto obtense aplicando un criterio fiscal. Polo tanto, de aquí en diante abordaremos o beneficio como o resultado obtido tras sufragar o imposto de sociedades (BDI) e como capital investido, consideraremos tanto os recursos propios conformados polo capital social aportado polos socios/as máis os recursos ou beneficios reinvestidos procedentes de anteriores exercicios.

$$\text{RENDIBILIDADE FINANCEIRA} = \text{BDI} / \text{RECURSOS PROPIOS} \%$$

A supervivencia “económica” da cooperativa vai depender:

1. De recuperar a través do ciclo produtivo de capital “algo máis” có importe dos investimentos realizados.
2. Da obtención dun excedente, cuantificado pola suma de retornos cooperativos, melloras nos prezos de venda e/ou aprovisionamento de produtos do negocio dos socios/as e valoración da mellora social percibida, que permita retribuír ao socio/a equivalente cando menos ao custe de oportunidade no mercado financeiro.

O incumprimento destas dúas condicións por parte da cooperativa suporía o non poder subsistir como organización mercantil.

A cooperativa tamén debe dedicar unha parte do beneficio ao reinvestimento na súa actividade para abordar o futuro con maiores garantías. Co índice de rendibilidade financeira medimos o grao en que a empresa está dominando a súa actividade mercantil. É conveniente á hora de estudar un ratio non centrarse no estudo dos parámetros que o conforman senón na súa evolución no tempo comparándoo con empresas que desenvolven a mesma actividade.

Na historia económica empresarial a contabilidade financeira pasou de ser un sistema de rexistro de feitos económicos a converterse nun sistema de información para a toma de decisións.



## CAPÍTULO II: OS ESTADOS FINANCEIROS

A cooperativa precisa ter un coñecemento exhaustivo sobre o ciclo do capital investido e os resultados obtidos durante cada período económico (mes, trimestre, ano). Isto supón coñecer a situación tanto patrimonial como financeira.

$$\text{TOTAL INVESTIMENTOS} = \text{TOTAL RECURSOS FINANCIEROS}$$

O balance é un documento onde se describe de forma cualitativa esta igualdade patrimonial. “O balance comprenderá, coa debida separación, os bens e dereitos que constitúen o activo da empresa, e as obrigas que forman o pasivo da mesma, especificando os fondos propios” (Código de Comercio). Tendo en conta este artigo débese cumprir a seguinte relación:




Figura 2.- Balance. Relación de igualdade patrimonial

Esta identidade do balance (INVESTIMENTOS = RECURSOS PROPIOS + RECURSOS ALLEOS) indícanos como financia a cooperativa os investimentos que precisa. O volume de recursos alleos vai definir o grao de endebedamento da empresa.

Na presentación de contas anuais por parte de calquera sociedade o balance debe manter obrigatoriamente un determinado esquema contable que pode resultar excesivamente técnico polo que imos estudar este documento desde una óptica exclusivamente financeira:

- ACTIVO
  - **Investimentos en activo fixo.**- Son aqueles investimentos que van permanecer na cooperativa por un período superior ao ano.
  - **Investimentos en circulante.**- Están constituídos por investimentos que se renovan constantemente ao longo do período económico anual.



- PASIVO

- **Recursos propios.**- Están conformados polos recursos aportados polos socios da cooperativa.
- **Recursos alleos.**- Son os recursos obtidos pola empresa para financiar os seus investimentos e que deberá devolver a longo prazo (máis dun ano) ou a curto (menos de doce meses).




Figura 3.- Balance. Óptica financeira

O balance vai nos indicar:

- O grao de endebedamento da cooperativa tendo en conta a relación de recursos propios e alleos.
- A situación de equilibrio ou desequilibrio no financiamento dos seus investimentos.

O seguinte documento contable básico é a conta de resultados, e de forma contable coñécese como *Conta de Perdas e Ganancias*. Segundo o Código de Comercio “a conta de perdas e ganancias comprenderá, tamén coa debida separación, os ingresos e os gastos do exercicio, e por diferenza o resultado do mesmo”.

Ao falar de ingresos referímonos a ingresos económicos, non a ingresos monetarios, mentres que cando nos referimos a gastos facémolo circunscibindo os mesmos aos consumidos para obter eses ingresos. Nesto consiste precisamente o “*principio de devengo*” contable.

O artigo 35 do Código de Comercio tamén distingue entre o resultado ordinario propio da explotación e aqueles que se orixinan con carácter extraordinario.

A clasificación do resultado do exercicio establece tres diferentes estratos:

- Resultado da explotación.
- Resultado financeiro.
- Resultado extraordinario.

A diferenza polo tanto entre a conta de resultados e a conta de perdas e ganancias áchase na presentación da estrutura dos ingresos e os gastos que compoñen o beneficio de explotación.

As contas anuais de calquera sociedade mercantil están constituídas polo balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria que completará, ampliará e comentará a información contida nos documentos precedentes (balance e conta de perdas e ganancias).



Modelo de xestión  
financeira

## CAPÍTULO III: O BALANCE

Con anterioridade chegamos a definir o balance como un documento que trata de representar a situación patrimonial e financeira da cooperativa, atendendo á súa dobre perspectiva económica e financeira en función do ciclo produtivo da actividade mercantil.

O balance preséntanos a estrutura dos investimentos que a cooperativa desenvolveu e como están a financiar os seus investimentos. Neste punto podemos dicir, que este documento contable expresa a riqueza da cooperativa nun momento determinado así como a orixe deses recursos. Hai que ter en conta que o activo do balance vaise clasificar desde un punto de vista financeiro en función da súa liquidez, é dicir, tendo en conta o tempo que debe transcorrer desde que o investimento realizado se transforma en unidades monetarias. De acordo con esta propiedade establécense dous grandes grupos de clasificación do activo:

1. Investimentos en activos inmovilizados que son aqueles cuxa posible conversión en diñeiro é superior ao ano.
2. Investimentos en activos circulantes que son aqueles cuxa conversión monetaria é inferior a doce meses.

Pola súa parte, o pasivo vaise clasificar en función da súa orixe, de menor a maior esixencia.




Figura3.- Activo e Pasivo do Balance

Graficamente podemos expresar o balance desde un punto de vista financeiro da seguinte forma:




Figura 4.- Balance

**INVERSIONS = RECURSOS FINANCIEROS**




Figura 5.- Activo e Pasivo

Os procesos económico-financieros de investimento-desinvestimento que máis frecuentemente se poden producir nunha empresa son os seguintes:

- Obtención e devolución de recursos financeiros alleos.
- Inversións en equipo fixo e en bens de circulante.
- Xeración do exercicio.
- Distribución do beneficio.

**¿Onde encadraríamos ao peche do exercicio económico o beneficio obtido pola cooperativa?**

Se se produce esta circunstancia, o beneficio do exercicio figuraría no balance no pasivo posto que reflicta un incremento do valor producido nos investimentos de activo como consecuencia directa da actividade comercial.

No hipotético caso de que a cooperativa necesite adquirir equipo fixo teríamos que ter en conta á hora de incluílo no balance que o seu uso e utilización vai producir unha perda de valor do mesmo que se denomina “amortización” e que debemos consideralo polo tanto un gasto de explotación, e consecuentemente diminúe o beneficio. Vexamos un exemplo: *Establécese un investimento de 1.000 € na adquisición de equipos informáticos, pero estímase que o valor actual é de 900 €. Isto significa que a perda de valor estimada no equipo pola súa utilización no proceso comercial ascende a 100 €.*

Evidentemente, no balance representaríase o equipo fixo por un valor neto, expresándose así:

• Equipo fixo (custe de adquisición)	1.000 €
• Amortización acumulada	100 €
• Valor actualizado do equipo	900 €

Os gastos que se derivan da fabricación así como o consumo de materias primas transformaranse en produtos elaborados (investimentos de circulante). Unha vez que estes produtos son comercializados, o investimento recupérase e o seu custe forma parte en negativo do beneficio do exercicio.

$$\text{VENDAS} - \text{CUSTE DE FABRICACIÓN} - \text{OUTROS GASTOS} = \text{BENEFICIO}$$

### ¿Cal será o custe para a cooperativa dos produtos elaborados?

- Consumo de materias primas
- Consumo de materias auxiliares
- Gastos de fabricación:
  - Persoal
  - Mantemento de equipos
  - Enerxía
  - Amortización de equipos
  - Outros gastos

Cando ao longo do exercicio non se consegue vender toda a produción, estes produtos elaborados pasan a encadrarse na partida de existencias dentro do activo circulante e graficamente representaríase no balance da seguinte forma:




Figura 6.- Produtos elaborados no balance

No contexto deste manual de financiamento dirixido ás persoas non financeiros de cooperativas imos centrarnos no estudo dos estados financeiros básicos e as súas principais partidas sen afondar no proceso de anotacións contables xa que isto suporía ter que expoñer o método de partida dobre, explicar o porqué e o como dos asentos contables, as súas anotacións nas contas do Libro Maior, etc.

A persoa non financeiro non precisa coñecer a mecánica interna da contabilidade para analizar e comprender o estado financeiro dunha cooperativa. Non obstante, si necesita coñecer tanto o proceso de anotacións como de informacións contables que imos simplificar no seguinte esquema:




Figura 7.- Proceso de anotacións e informacións contables

Para estudar con maior detalle os diferentes elementos que constitúen tanto o activo como o pasivo imos ter moi presente a seguinte estrutura do balance.

Gastos de establecemento	ACTIVO FIXO	RECURSOS PROPIOS	Recursos propios
Inmovilizado técnico		RECURSOS ALLEOS	Acredores L/P
Inmovilizado financeiro			ACTIVO CIRCULANTE
Existencias			
Debedores			
Tesourería			

Figura 8.- Balance de situación



## CAPÍTULO IV: OS INVESTIMENTOS

**D**efinimos como inmovilizado todas aqueles investimentos que a cooperativa empregará durante máis de un exercicio económico, xeralmente estes investimentos estarán vinculados de maneira duradeira ao desenvolvemento da actividade empresarial. Podemos clasificar os investimentos de inmovilizado do balance en:

1. **Inmovilizacións técnicas.**- Son activos que adquire a cooperativa non para ser vendidos, senón para ser empregados durante varios exercicios económicos no seu proceso produtivo. Isto supón que a súa recuperación no ciclo de capital será realizado ao longo de varios anos.
  - i. Inmovilizacións inmateriais.- Están constituídas por elementos patrimoniais intanxibles constituídos por dereitos susceptibles de valoración económica tales como patentes, software, etc.
  - ii. Inmovilizacións materiais.- Están conformadas por edificios, elementos de transporte, mobiliario, etc.
2. **Inmovilizacións financeiras.**- Están formadas pola participación da cooperativa noutras sociedades co obxectivo de desenvolver un determinado control ou influencia na toma de decisións por parte da empresa e outros investimentos financeiros nos que se inclúen fianzas e depósitos a longo prazo.
  - i. Participacións maioritarias noutras empresas.
  - ii. Participacións minoritarias en empresas asociadas.
  - iii. Outros investimentos financeiros a longo prazo.
  - iv. Fianzas e depósitos a longo prazo.
3. **Gastos de establecemento.**- Están constituídos por aqueles gastos que realiza a cooperativa á hora de constituírse, así como os derivados da ampliación de capital e cuxa imputación a resultados vai diferir no tempo.
  - i. Gastos de constitución.
  - ii. Gastos de primeiro establecemento.
  - iii. Gastos de ampliación de capital.

Hai que ter en conta no caso do inmovilizado técnico da cooperativa que a súa clasificación se establece en función do seu destino e valóranse polo seu custe de adquisición. Todos estes elementos exceptuando os terreos e o inmovilizado en curso sofren unha perda de valor no tempo que é xerada pola súa utilidade no tempo que de forma contable denominamos “amortización”.

A mellora dos bens que conforman o inmovilizado material cando supoñan un alonxamento da súa vida útil ou unha mellora da produtividade consideraranse como maior valor do ben.

As amortizacións dos elementos de inmovilizado material teñen as seguintes excepcións:

- Os terreos que non son obxecto de amortización ao non existir unha perda do seu valor pola súa utilización.
- O inmovilizado en curso ou en proceso de fabricación xa que aínda non entraron en funcionamento.

INMOBILIZADO MATERIAL	INMOBILIZADO INMATERIAL
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os terreos</li> <li>• Os edificios</li> <li>• A maquinaria</li> <li>• A utillaxe</li> <li>• O mobiliario</li> <li>• Os elementos de transporte</li> <li>• Os equipos informáticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Patentes<sup>1</sup></li> <li>• Fondo de comercio<sup>2</sup></li> <li>• Aplicacións informáticas<sup>3</sup></li> <li>• Gastos de investigación</li> <li>• Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro</li> </ul>

<sup>1</sup>Patentes: son dereitos de propiedade industrial.

<sup>2</sup>Fondo de comercio: No Plan Xeral Contable indícase que a súa amortización deberá realizarse de maneira sistemática e establécese un límite máximo de 20 anos, non obstante deben xustificarse na memoria cando exceda de 5 anos.

<sup>3</sup>Concesións administrativas: Correspóndese co custe de transferencia por parte da Administración da explotación dun servizo público

Figura 9.- Elementos de inmovilizado

A utilización dos equipos técnicos están suxeitos como anteriormente temos sinalado a un proceso de depreciación debido ao seu uso pero a esta perda de valor hai que engadir a depreciación técnica que sofren os equipos coa aparición de novas tecnoloxías, en contabilidade este proceso denomínase amortización.

Esta perda de valor do inmovilizado réxese polo principio de prudencia contable *“unicamente se contabilizarán os beneficios realizados á data do peche de exercicio. Polo contrario, os riscos previsibles e as perdas eventuais con orixe no exercicio ou noutro anterior, deberán contabilizarse tan pronto sexan coñecidas; a estes efectos distinguiranse as reversibles ou potenciais, das realizadas ou irreversibles. Igualmente teranse presentes toda clase de depreciacións, tanto se o resultado do exercicio fose positivo como negativo”*.

Nos custes para a cooperativa incorporaranse as amortizacións contables que van identificar estas perdas de valor. A depreciación é polo tanto un custe do exercicio. Tamén hai que ter en conta que a amortización industrial é un custe adicional á fabricación do produto elaborado.

## ¿Como se calculan as amortizacións?

O Código de Comercio indícanos que “os elementos do inmovilizado... cuxa utilización teña un límite temporal deberán amortizarse sistematicamente durante o tempo da súa utilización”.

Pola súa parte o Plan Xeral de Contabilidade sinálanos que “en todos os casos deduciránse as amortizacións practicadas, as cales terán que establecerse sistematicamente en función da vida útil do equipo, atendendo á depreciación que normalmente sufra polo seu funcionamento, uso e goce, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia que puidera afectalos”. Esta norma deixa unha certa flexibilidade para o establecemento da porcentaxe de amortización así como do período máximo para o seu cálculo posto que a amortización derivarase do tempo de utilización.

## ¿Que debemos ter en conta á hora de amortizar un ben?

- En primeiro lugar o custe de adquisición de dito ben.
- O valor residual, é dicir, o prezo que obteremos polo equipo ao final da súa vida útil.
- O tempo que esperamos que funcione o equipo adquirido (vida útil).

Existen táboas de coeficientes legais de amortización que determinan como deberán calcularse as amortizacións fiscais que determina o importe deducible fiscalmente como gasto na determinación da base impositiva do imposto de sociedades.

A normativa mercantil establece que “poderán utilizarse aqueles métodos de amortización que de acordo a un criterio técnico - económico distribúan os custes da amortización ao longo da súa vida útil, con independencia de consideracións fiscais ou das condicións de rendibilidade en que se desenvolva a empresa”. A amortización dun equipo técnico adóitase calcular en base a unha serie de cotas constantes cuxo cálculo realízase así:

$$\text{Cota amortización anual} = (\text{Valor Inicial} - \text{Valor Residual}) / \text{Tempo de vida do ben}$$

Vexamos un exemplo práctico: *Imaxinemos que adquirimos un ordenador por 1.000 € e estimamos unha vida útil de 5 anos. Ao final da mesma, poderemos vendelo por un 50% do seu prezo de compra. ¿Cal sería a cota anual de amortización?*

$$\begin{aligned} \text{Valor Inicial} &= 1.000 \\ \text{Valor Residual} &= 500 \\ \text{Tempo} &= 5 \end{aligned}$$

$K$  = Cota anual de amortización

$$K = (1.000 - 500) / 5 = 100$$

Vexamos como sería o Cadro de Amortización do exemplo anterior.

Anos	Valor equipo	Amortización parcial	Amortización acumulada	Valor actual
1	1.000	100	100	900
2	900	100	200	800
3	800	100	300	700
4	700	100	400	600
5	600	100	500	500

Vimos a grandes trazos en que consiste a amortización técnica ou económica, non obstante, quédanos pendente a devolución dos recursos alleos que poden ter forma de préstamos, empréstitos ou calquera outro produto financeiro a longo prazo. Neste caso, estamos a falar dunha amortización financeira na que non se produce unha depreciación senón a devolución periódica a través dunhas cotas dos recursos alleos demandados por parte da cooperativa. Estas cotas van comprender o pago de xuros e a devolución dunha parte do préstamo recibido.

No suposto de que o investimento do inmovilizado por parte da cooperativa se encontrara desenvolvido empregando recursos alleos a longo prazo, o diñeiro procedente da amortización permitirá devolver as cotas correspondentes aos pagos parciais do préstamo recibido co que se conseguiría un equilibrio financeiro entre ambas amortizacións (AMORTIZACIÓN ECONÓMICA = AMORTIZACIÓN FINANCIERA).

No caso de que o investimento fose realizado con recursos propios, a través do prezo de venda dos produtos terminados a cooperativa recupera os custes realizados, entre os que se achan o de amortización que a curto prazo non vai xerar unha saída de diñeiro xa que o equipo técnico non se repón na mesma medida que se amortiza senón que se restablece ao final da vida útil estimada. Isto tradúcese nun excedente de tesourería motivado pola suma das amortizacións e os beneficios rexistrados que se denomina *Cash Flow*.

$$\text{CASH FLOW} = \text{AMORTIZACIÓN} + \text{BENEFICIO}$$

Este excedente de tesourería pódese empregar para:

- Substituír ao final da vida útil o ben.
- Financiar posibles necesidades de circulante ou financiar novos investimentos.

Para comprender mellor os fluxos tanto económicos como financeiros que se producen en calquera empresa debemos ter en conta:

1. A suma do beneficio e a amortización vainos dar o *cash flow* económico, é dicir, os recursos xerados pola cooperativa durante un período determinado.
2. As entradas e saídas de diñeiro dese exercicio económico (fluxos monetarios de tesourería) corresponderíanse co *cash flow* de tesourería.

$$\text{CASH FLOW TESOURERIA} = \text{ENTRADAS TESOURERÍA} - \text{SAÍDAS TESOURERÍA}$$

No *cash flow* de tesourería hai que ter en conta:

1. O cobro a clientes, o pago a provedores, o pago de gastos, ... O movemento de tesourería xerado polas actividades ordinarias.
2. O pago pola compra de inmovilizado, cobros por venda de inmovilizado, ... Os movementos de tesourería de investimento.
3. Desembolsos por ampliación do capital, préstamos bancarios, ... Movementos de tesourería de actividades de financiamento.

Tamén temos definido o activo circulante como os investimentos que se recuperan durante o ciclo produtivo e dividímolos en tres subgrupos:

- Existencias.
- Debedores ou clientes.
- Tesourería.

As existencias á súa vez divídense en:

- **Comerciais.** Son as adquiridas para comercializar sen ser transformadas.
- **Materias primas.** Son elementos que van ser transformados en produtos elaborados.
- **Produtos en curso.** Son aqueles que se atopan en fase de transformación e non foron finalizados.
- **Produtos semi-rematados.** Son os que se converterán en produtos elaborados unha vez que foron sometidos a un posterior proceso industrial pero se atopan nun proceso intermedio.
- **Produtos rematados.** Son os destinados á venda e obtidos a través da fase produtiva.

- **Subprodutos.** Son os que teñen carácter secundario e o seu custe de fabricación é cero (serraduras).
- **Outros aprovisionamentos.** Combustibles, repostos, embalaxes, envases, etc.

### ¿Como se valoran estes elementos?

Dous son os sistemas para valorar estes elementos de circulante:

1. Polo seu prezo de custe: Compra ou produción industrial.
2. Prezo de mercado.

### ¿Como se valoran as saídas?

As normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade establece o *prezo medio ponderado* pero tamén se pode valorar polo método FIFO (as saídas do almacén valoraranse aos prezos das primeiras entradas, ata esgotar os produtos que foron adquiridos a prezos distintos, quedando as existencias valoradas a prezos das últimas compras) ou método LIFO (as saídas do almacén valóranse aos prezos das últimas entradas).

Os dereitos de cobro por parte da cooperativa está constituída pola conta Clientes que conforma dereitos a favor da empresa derivados da venda de produtos. Estes dereitos de cobro poden estar incorporados ou non a efectos comerciais.

No suposto de que o cobro ao cliente entrañe certa dificultade e resulte dubidoso na súa totalidade ou en parte ao cobro da débeda, haberá que dotar unha provisión polo importe do crédito atendendo ao principio de prudencia.

## CAPÍTULO V: A ESTRUTURA FINANCEIRA

A continuación vamos centrarnos no estudo da estrutura financeira da cooperativa desde unha dobre óptica.

- Recursos propios ≠ Recursos alleos.
- Recursos a longo prazo ≠ Recursos a curto prazo.

No balance representaríase da seguinte forma:




Figura 10.- Balance. Estructura financeira

A estrutura financeira dunha cooperativa (recursos a curto e longo prazo) vai variar notablemente en función da actividade desenvolvida pola mesma. Unha empresa industrial evidentemente desenvolverá un maior investimento en activos fixos que por exemplo unha de servizos. A teor do exposto ata o momento, debemos engadir que os investimentos de inmovilizado deben estar financiados con recursos propios e alleos a longo prazo (recursos básicos) isto vén definido como *Fondo de Manobra*.

### ¿Cando diremos que se atopa a cooperativa en situación de equilibrio financeiro?

Se os investimentos en activos circulantes son superiores ás esixencias dos acredores a curto prazo. Vexamos un exemplo:

- Activo inmovilizado (AI) = 600.000 €
- Activo circulante (AC) = 400.000 €
- Recursos propios (RP) = 400.000 €
- Recursos alleos L/P (RALP) = 300.000 €
- Recursos alleos C/P (RACP) = 300.000 €

### ¿Como calcularíamos o Fondo de Manobra (FM)?

- Posibilidade 1:

$$FM = AC - PC = 400.000 - 300.000 = 100.000$$

- Posibilidade 2:

$$FM = (RP + RALP) - AF = (400.000 + 300.000) - 600.000 = 100.000$$



Esta situación de equilibrio podería expresarse da seguinte forma:

$$\text{Índice FM} = AC/PC = 400.000/300.000 = 1,33$$

Esta regra de equilibrio financeiro indícanos que canto maior sexa o volume de activos fixos que precise a cooperativa maior deberán ser os seus recursos financeiros básicos. Esta regra tamén vai depender da rapidez con que se poida converter o circulante en diñeiro e a prontitude coa que se esixe o pago das débedas contraídas. A estrutura do activo circulante daranos por tanto a liquidez da cooperativa.

En consecuencia, podemos dicir que para financiar o activo permanente da cooperativa, así como cubrir unha marxe razoable de activos circulantes empregaremos o financiamento básico, é dicir, a suma dos recursos propios e alleos a longo prazo.

### ¿Que podemos considerar como marxe razoable de activos circulantes?

O financiamento básico debe cubrir tanto os activos fixos como os investimentos circulantes cuxo carácter sexa fixo.

Os recursos financeiros propios teñen dúas claras orixes:

1. Achegas por parte dos socios/as na fase de constitución ou con posterioridade en caso de ampliación do capital
2. Autofinanciamento (reservas).

As reservas son beneficios non distribuídos e empregados na actividade empresarial e perseguen o poder manter o poder adquisitivo do capital social emitido e financiar o crecemento da cooperativa.

A clasificación financeira dos acredores a curto e longo prazo baséase na esixencia dos recursos alleos que á súa vez se clasifican en:

- **Acredores financeiros.** Entidades bancarias.
- **Acredores non financeiros.** Son os subministradores de bens e servizos xeralmente a curto prazo.




Figura 11.- Clasificación financeira dos/as acredores a curto e longo prazo

En capítulo aparte debemos abordar o leasing operativo, que é unha operación de arrendamento dun ben a través de cotas periódicas de aluguer e con opción á compra de dito ben. Este leasing non esixe que a cooperativa inclúa no activo o valor do equipo alugado xa que non é propiedade da empresa. Cando unha cooperativa financie os seus activos a través dunha operación de leasing financeiro débese incluír no activo, como un inmovilizado inmaterial, o valor do equipo financiado en leasing ao seu valor de compra ao contado e denominándoo dereito sobre bens adquiridos en arrendamento financeiro. O Plan Xeral Contable presupón a existencia dun leasing financeiro cando non hai dúbida de que a empresa exercerá a súa opción de compra final.

*Esta exposición establece un posible conflito que se resolve da seguinte forma: O balance dunha empresa debe reflectir o patrimonio da mesma ademais da súa situación financeira e o Plan Xeral de Contabilidade esixe a inclusión dos equipos en leasing non como inmovilizado material, senón como inmovilizado inmaterial posto que se establece un dereito do uso de dito ben por parte da cooperativa. Con obxecto de cumprir a igualdade, hai que considerar os xuros financeiros derivados da operación dentro do activo como "gastos financeiros diferidos".*

Dentro dos recursos alleos a curto prazo imos definir as débedas con entidades de crédito por desconto de efectos comerciais. Esta fonte de financiamento a curto prazo consiste en:

- A entidade bancaria presta diñeiro á cooperativa coa garantía dos efectos.
- Por este adianto do diñeiro a cobrar, o banco cobra uns xuros que lle xeran un custe á empresa.

A empresa entrega as letras á entidade financeira, pero os clientes figuran no activo posto que teñen unha débeda contraída coa cooperativa e non co banco, mentres o préstamo figurará no pasivo.

Ao vencemento das letras poden ocorrer dúas cousas:

1. O cliente paga ao banco o que equivale á devolución do préstamo.
2. O cliente non paga, polo que a empresa terá que devolver ao banco o préstamo recibido. Xerándose uns gastos pola falta de pagamento dos efectos para a cooperativa.

Outro instrumento financeiro é o *factoring* que consiste na venda das facturas por parte da cooperativa a unha empresa financeira que asumirá o risco do cobro das letras ou recibos pendentes.

Os provedores aglutinarán o importe das débedas cos acredores comerciais por aprazamento de pago tanto dos produtos comerciais como das materias primas adquiridas pola cooperativa.

Os acredores diversos a curto prazo serían pola adquisición de bens que non se poden considerar comerciais ou incluso pola prestación de servizos. Mentres que os acredores non comerciais se concretarían en *Facenda Pública Acredora por impostos a pagar, por retencións do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ao persoal, polo Imposto sobre o Valor Engadido e polos Organismos da Seguridade Social acredores*.

## CAPÍTULO VI: A CONTABILIDADE ANALÍTICA

**A**ta o presente capítulo temos analizado as transaccións que a empresa realiza con terceiros (contabilidade financeira) pero agora imos centrarnos no estudo do proceso produtivo determinando non só os custes senón tamén os rendementos, é dicir, a contabilidade analítica. A contabilidade analítica pretende:

- Axudarnos a desenvolver o proceso de planificación proporcionándonos información de carácter interno.
- Pretende como unha ferramenta de xestión máis facilitarnos a posible toma de decisións.

A continuación imos definir unha serie de conceptos que resultan fundamentais á hora de tratar a contabilidade analítica.

1. ¿En que consiste o custe? Son os consumos producidos nun determinado tempo expresado en unidades monetarias.
2. ¿Que é o prezo? É o valor monetario que se lle atribúe a un determinado produto.
3. ¿Que é a marxe? É a diferenza entre os ingresos e os custes.

### ¿Como se determina o custe de produción?

Podemos determinar o custe de produción a través de dous sistemas:

1. Sistema de custe completo: Tomaremos todos os custes tanto directos como indirectos derivados do proceso produtivo. Hai que determinar polo tanto os custes do produto e os gastos orixinados nun determinado período.

¿Que custes xera a produción?

- Adquisición de materia prima: Para elaborar un determinado produto imos precisar unha serie de elementos que a través dun proceso de fabricación imos consumir polo que necesitaremos asignarlles un valor monetario.
- Man de obra (directa): Son os custes derivados da intervención de todos os traballadores/as que participan na transformación do produto final.
- Custes xerais de produción: Son os custes adicionais que indirectamente recaen sobre o proceso produtivo pero que non interveñen nel.

O custe unitario de produción é igual a:

$$\text{(Materia prima + Man de obra directa + Custes xerais) / Número de unidades}$$

Tamén é necesario ter en conta unha serie de gastos de carácter xeral que periodicamente se producen e se imputan aos ingresos conseguidos. ¿Que gastos se encontrarían dentro deste apartado? Os salarios dos traballadores/as de administración, o material de oficina, os gastos financeiros, ...

$$\begin{aligned}
 & \text{Existencias iniciais} \\
 & + \text{Compras do período} \\
 & - \text{Existencias finais de materias primas} \\
 & = \text{Custe de materias primas} \\
 & + \text{Custe de man de obra} \\
 & + \text{Custes xerais} \\
 & = \text{Custe total de produción} \\
 & + \text{Existencias iniciais de produtos en curso} \\
 & - \text{Existencias finais de produtos en curso} \\
 & = \text{Custe de produtos rematados} \\
 & + \text{Existencias iniciais de produtos rematados} \\
 & - \text{Existencias finais de produtos rematados} \\
 & = \text{CUSTE DE VENDAS}
 \end{aligned}$$

Figura 12.- Gastos de carácter xeral que se imputan aos primeiros ingresos

2. Sistema de custe variable: Solo incorpora á produción os custes de carácter variable que interveñen no proceso. Diferenza os gastos fixos dos variables dentro dos propios de administración e venda, obténdoo a través da seguinte fórmula:

$$\text{(Materia prima + Man obra directa + Custes var. Producción) / Número unidades}$$

### ¿Que diferenzas observamos entre ambos sistemas?

Imaxinémonos unha cooperativa cuxas cifras anuais de vendas, produción e custes son as seguintes:

Concepto	Importe
Produción	20.000
Vendas	15.000
Prezo de venda	160
Existencias finais	5.000
Custe de materia prima	500.000
Custe de man de obra directa	400.000
Custes xerais de produción variable	140.000
Custes xerais de produción fixos	80.000

Concepto	Importe
Gastos de administración variable	50.000
Gastos de administración fixos	150.000

### CUSTE UNITARIO DE PRODUCCIÓN

Sistema custe completo =  $(500.000 + 400.000 + 140.000 + 80.000) / 20.000 = 56$

Sistema de custe variable =  $(500.000 + 400.000 + 140.000) / 20.000 = 52$

A valoración final do inventario realizarase ao custe unitario obtido por cada uno dos sistemas empregados:

- Sistema de custe completo =  $5.000 * 56 = 280.000 \text{ €}$
- Sistema de custe variable =  $5.000 * 52 = 260.000 \text{ €}$



## CAPÍTULO VII: AS ANÁLISES ECONÓMICO - FINANCEIRAS

En primeiro lugar imos definir o termo “ratio”. Cando nós tratamos de analizar a estrutura financeira de calquera empresa relacionamos as masas de activo e de pasivo. Un ratio, trata de establecer a relación entre dúas variables e para elo tómase o resultado obtido.

### ¿Que se pretende con este sistema de análise?

Preténdese explicar os estados contables dunha determinada empresa e en base aos mesmos establecer a súa posible evolución, facilitando así mesmo a toma de decisións.

Os ratios vannos permitir ademais poder establecer posibles comparacións con outras empresas competidoras do noso mesmo sector de actividade en cuxo caso debemos ter presente:

- Que para contrastar a nosa evolución no tempo é preciso observar a tendencia experimentada nun prazo non inferior a tres anos.
- As comparacións con outras empresas do sector deben cingirse só ás que dispoñan de similares características ás nosas en canto a dimensión.

### TIPOS DE RATIOS:

- **RATIOS DE ESTRUCTURA PATRIMONIAL:** Son os que nos informan sobre a capacidade que ten a empresa para facer fronte aos seus compromisos de pago tanto a curto como a longo prazo.

FORMULACIÓN	¿PARA QUE SERVE?
Solvencia = Activo total / Pasivo esixible	Mide a capacidade da empresa para facer fronte a pagos comprometidos con terceiros (o resultado debe ser superior a 1).
Liquidez = Activo circulante / Pasivo circulante	Mide a nosa capacidade para facer fronte aos compromisos con terceiros a curto prazo (para non ter problemas de liquidez o resultado debería ser superior a 1).
Tesourería = (Activo circulante – Existencias) / Pasivo circulante	Indícanos tamén a capacidade de pago a curto prazo da empresa.



FORMULACIÓN	¿PARA QUE SERVE?
<p>Endebemento =  <math>(\text{Fondos alleos} / \text{Pasivo total}) \times 100</math></p>	<p>Amósannos a proporción que representan as débedas sobre o total do pasivo (se é elevado o seu resultado indícanos un forte endebedamento).</p>
<p>Calidade da débeda =  <math>\text{Fondos alleos curto prazo} / \text{Fondos alleos}</math></p>	<p>Establece a proporción que representa a débeda a curto prazo sobre o total.</p>
<p>Cobertura de inmovilizado =  <math>\text{Financiamento básico} / \text{Activo inmovilizado}</math></p>	<p>Dinos os fondos propios e alleos a longo prazo investidos en inmovilizado.</p>

- **RATIOS DE RENDIBILIDADE:** Trátase de determinar con eles o posible beneficio obtido tendo en conta o capital investido. Para elo é necesario coñecer a conta de resultados, que nos indique a participación dos distintos factores económicos da empresa no seu resultado.

<p style="text-align: center;">             Vendas netas              - Custe de vendas              = Beneficio bruto              - Gastos de administración              = Beneficio de explotación              + - Ingresos e gastos extraordinarios              = Beneficio antes de xuros e impostos (BAII)              - Xuros da débeda              = Beneficios antes de impostos (BAI)              - Imposto de sociedades              = Beneficio neto           </p>
--

Figura 13.- Conta de perdas e ganancias analítica

FORMULACIÓN	¿PARA QUE SERVE?
Rendibilidade económica = (BAII / Total activo) x 100	Mide o beneficio obtido antes de xuros e impostos sen ter en conta como se acha financiado.
Rendibilidade Financeira = (Beneficio neto / Fondos propios) x 100	Mide a rendibilidade que obteñen os socios da cooperativa.

### ¿Que é o apalancamento financeiro?

Indícanos o efecto que produce o financiamento de fondos alleos sobre a rendibilidade da empresa. Dise que o apalancamento financeiro é positivo cando os recursos alleos nos permiten incrementar a rendibilidade financeira da empresa e será negativa cando o financiamento alleo leve aparellada unha diminución da rendibilidade financeira. Para coñecer este efecto podemos aplicar a seguinte formulación:

$$RF = RE + (FA \times (RE - i) / FP)$$

RF: Rendibilidade financeira.  
 RE: Rendibilidade económica.  
 FA: Fondos alleos.  
 FP: Fondos propios.  
 i: Xuros (custe medio dos fondos alleos).

Para comparar a rendibilidade económica e financeira da empresa e obter o conseguinte apalancamento financeiro é necesario aplicar a seguinte fórmula:

$$\begin{aligned} \text{Apalancamento financeiro} &= RF / RE = \\ &= ((BAI / FP) / (BAII / \text{Activo total})) = \\ &= (BAI \times \text{Activo total}) / (BAII \times FP) \end{aligned}$$

Para que falemos dun apalancamento financeiro positivo na empresa o resultado debe ser superior a 1.

- **AS ROTACIÓNS:** Con este tipo de ratios preténdese medir a eficiencia no uso dos activos de que dispón a empresa.

$$\text{Rotación de activo} = \text{Vendas} / \text{Activo total}$$

Con esta fórmula determinamos a capacidade que ten a empresa para xerar vendas co seu investimento total.

### ¿Como se mide a eficiencia da empresa respecto ás vendas?

En igualdade de activo, dicimos que resulta máis eficiente unha empresa canto maior sexa o seu volume de vendas e conseguintemente auméntase a rotación do activo. Empregamos para elo os seguintes ratios:

$$\text{BAII} / \text{Activo total} = (\text{BAII} / \text{Vendas}) \times (\text{Vendas} / \text{Activo total})$$

$$\text{BAII} / \text{Vendas} = \text{Marxe sobre vendas} \%$$

$$\text{Vendas} / \text{Activo total} = \text{Rotación do activo.}$$

A marxe sobre vendas determina a política comercial da empresa (establecemento de prezos), mentres que a rotación do activo mide a eficiencia na utilización do mesmo.

$$\text{Rotación do activo inmovilizado} = \text{Vendas} / \text{Activo}$$

Dinos a venda por unidade monetaria investida na empresa. O aumento deste ratio no tempo indícanos unha maior eficiencia no uso do seu inmovilizado.

### ¿Que é o período medio de maduración?

É o tempo por termo medio en que o diñeiro investido na actividade tarda en retornar á tesourería da empresa tras ter recorrido o ciclo produtivo (desde a adquisición de materias primas ata o cobro das vendas).

$$\mathbf{Rmp = Consumo de materias primas / Existencias medias de materias primas}$$

$$\mathbf{Rmp = Rotación materias primas}$$

$$\mathbf{Consumo de materias primas = Existencias iniciais (Ei) + Compras -$$
$$\mathbf{- Existencias finais (Ef).}$$


$$\mathbf{Existencias medias de materias primas = (Ei + Ef) / 2}$$

Este ratio expresa as veces que a empresa tería enchido e baleirado o seu almacén de materias primas nun determinado período. Posto que necesitamos coñecer o prazo medio que permanecen as materias primas na empresa, transformamos a fórmula anterior en:

$$\mathbf{Prazo medio de materias primas = 365 / Rmp}$$



# A NEGOCIACIÓN FINANCEIRA





Cando unha cooperativa precisa para financiarse dos recursos alleos é cando xurde un novo actor “a entidade de crédito”.

No noso país, atopamos as seguintes entidades de crédito:

- **Bancos:** Este tipo de negocio desenvolve basicamente dous tipos de actividades que son o fluxo do diñeiro dunha economía e a intermediación financeira. Na primeira, o banco constitúe a canle de pagos e cobros das economías, a cambio de comisións polos seus servizos. Para a segunda actividade, tómanse recursos alleos en forma de depósitos, todas elas operacións de pasivo, para desenvolver operacións de activo en forma de crédito e clientes.
- **Caixas de aforro:** Podemos definilas como institucións de carácter benéfico, que a diferenza dos bancos, non teñen o capital dividido en accións. No noso país adoitan ser propiedade de fundacións, concellos, deputacións ou comunidades autónomas. Reciben depósitos da súa clientela e realizan as mesmas operacións cós bancos. Dos seus beneficios, unha parte destínase a actividades sociais.
- **Cooperativas de crédito:** Son sociedades constituídas de acordo coa lei 3/1987 de 2 de abril, cuxo obxecto social é servir ás necesidades financeiras dos seus socios/as e de terceiros mediante o exercicio das actividades propias das entidades de crédito.
- **Instituto de crédito oficial:** é unha entidade pública empresarial, adscrita ao Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado de Economía e consideración da Axencia Financeira do Estado. O ICO traballa polo crecemento e a mellora da distribución da riqueza nacional e fomenta aquelas actividades económicas que pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica merezan unha atención preferente. Porque o ICO apoia os proxectos de investimento das empresas españolas, para que sexan máis competitivas e contribúan ao progreso económico do noso país. O financiamento do ICO diríxese a impulsar sectores como a industria cinematográfica, o transporte, favorecer os proxectos de innovación tecnolóxica, as enerxías renovables, e potenciar a presenza das nosas empresas no exterior. Tamén colabora cos programas de política económica, en situacións de crise ou catástrofes naturais, en apoio á exportación ou para facilitar créditos a persoas fóra das canles habituais de financiamento mediante a liña de Microcréditos.
- **Sociedades mediadoras do mercado do diñeiro:** Son aquelas cuxo obxecto social consiste na intermediación financeira nos mercados monetarios, interbancarios de acordo co previsto na lei 24/1988, do mercado de valores, no mercado da débeda pública.
- **Sociedades de crédito hipotecario:** Están constituídas como sociedades anónimas e teñen por obxecto único a realización de operacións activas e pasivas reguladas na lei 2/1981, podendo abrir contas de depósito a longo prazo e de aforro vinculado.



- **Sociedades de arrendamento financeiro:** A lexislación española establece que o arrendador ten que ser unha empresa especificamente constituída para desenvolver este tipo de actividade, como as sociedades de arrendamento financeiro e institucións de crédito e bancarias. Necesita a autorización do Ministerio de Economía e Facenda e debe estar adscrita no Rexistro Especial para este tipo de entidades que existe no Banco de España. Por outro lado, as sociedades de arrendamento financeiro, que pertencían segundo a lexislación española ao sector das Entidades de Crédito de Ámbito Limitado, sufriron recentemente unha reestruturación para adaptarse á normativa da Unión Europea, a cal as converteu en Establecementos Financeiros de Crédito(EFC). Como consecuencia desta reforma reduciuse o número de sociedades existentes de arrendamento financeiro. Estas entidades soamente poden conceder créditos para a adquisición dun ben.
- **Entidades de financiamento:** En sentido estrito podemos dicir que é a sociedade, xeralmente do grupo dunha entidade do sistema crediticio, banco ou caixa de aforros, que facilita o financiamento para a adquisición de bens de equipo e bens de consumo duradeiro.
- **Entidades de factoring:** Son aquelas empresas que se encargan do cobro de facturas doutros, ocupándose tamén de resolver os impagados e sendo retribuídas a través dun sistema de comisións.


Habitualmente, para mencionar estas institucións empregamos o termo “bancos”.

A dependencia das cooperativas do financiamento bancario deriva na importancia da negociación bilateral entre o propio banco e a empresa. Outra circunstancia que é necesaria valorar é que a través dos propios bancos as empresas xestionan a inmensa maioría das súas operacións, polo que este tipo de entidades non so xoga un importante papel dentro do financiamento senón que vai máis alá.

Evidentemente, as entidades de crédito é preciso xestionalas de igual maneira que calquera proveedor xa que é un subministrador de servizos cuxa relación mantense no tempo.

A xestión bancaria ciméntase no cumprimento dunhas etapas que son cíclicas e que dean resposta a unha evolución.

### ¿Cal é o ciclo das relacións bancarias?



## Fase I: DETECCIÓN DE NECESIDADES FINANCEIRAS

Nesta etapa vamos desenvolver unha visión global da relación cos bancos, tendo en conta a previsión das nosas necesidades de financiamento partindo dos orzamentos de tesourería (tanto a curto como a longo prazo).

O banco neste caso xoga un papel moi importante posto que a través do mesmo pretendemos alcanzar uns obxectivos previamente definidos pola cooperativa. Resulta vital, o comunicar explicitamente á entidade de crédito cal vai ser o destino dos fondos solicitados.

Tamén, é conveniente ter meridianamente claros cales son os nosos puntos fortes e débiles como empresa para abordar unha negociación con garantías.

### ¿Que factores analizaremos?

A dimensión da empresa, a súa posición no mercado, os recursos cos que contamos, as garantías que nos apoian, etc.

## Fase II: ELECCIÓN DE ENTIDADES BANCARIAS

Se estamos iniciando a nosa actividade empresarial imos atopar maiores dificultades á hora de acceder á oferta bancaria se non dispoñemos dunha serie de avais que apoiem a nosa actuación. Esta circunstancia reduce ostensiblemente o noso proceso de selección.

Na medida que a empresa creza vai poder incrementar a súa capacidade de negociación e demandar unhas maiores condicións non obstante, debemos ter presente que por moi pequena que sexa a nosa cooperativa estamos ofrecendo ao banco unha parcela do mercado que lle interesa.

Cando acudimos a outras entidades, é preciso desenvolver unha pequena análise do mercado financeiro centrándonos en:

- A especialización das entidades bancarias.
- Política bancaria.
- Financiamento da entidade de crédito.
- Servizos que afecten ao banco.

### ¿Con quantas entidades debemos traballar?

O número adecuado de entidades coas que debemos traballar vai depender basicamente das necesidades que demande a nosa cooperativa. Neste caso, so inflúen os trazos da nosa empresa senón tamén o entorno no que desenvolvemos a nosa actividade.

Na práctica, o máis adecuado resulta o diversificar o risco e o negocio acudindo a máis dunha entidade, sopesando sempre os nosos intereses como empresa.

O criterio que debe prevalecer á hora de elixir un banco é o da axuda que nos poida prestar para a posible resolución dos problemas asociados á nosa actividade. A oferta bancaria pode discriminarse valorándose unha serie de parámetros tales como:

- Custe dos servizos ofertados (xuros e comisións).
- Variedade da oferta de produtos financeiros.
- Facilitade para a concesión de créditos.
- Solvencia da entidade.
- Atención personalizada.
- Grado de especialización tanto en produtos como en servizos.
- Transparencia da información recibida.
- Proximidade da entidade á cooperativa.
- Servizos complementarios (banca electrónica, seguros, caixeiros permanentes, etc).

### Fase III: PROCESO DE NEGOCIACIÓN BANCARIO

Como xa se comentou previamente á negociación bancaria, é necesario considerar os puntos fortes e débiles con que conta a nosa cooperativa. O modelo de negociación debe adaptarse ás necesidades da nosa empresa tratando de convir coa entidade un marco de valoración das condicións tanto dos produtos como dos servizos demandados.

#### ¿Que técnicas nos poden axudar no proceso de negociación?

- É necesario mostrar á entidade bancaria cales son os nosos puntos fortes como empresa.
- Identificar os puntos débiles e proxectalos como posibles liñas de mellora. É un erro o non formular por parte da cooperativa este capítulo posto que *itodas as empresas teñen puntos negativos!*
- Dar a sensación de ter un coñecemento pleno do negocio e do sector de actividade desenvolvida.
- Determinar as nosas necesidades financeiras futuras e facerllas saber ao banco.

Dentro do propio proceso de negociación é necesario por en coñecemento da entidade os produtos demandados e incluír as compensacións que recibirá a cooperativa (seguros sociais, impostos, etc) de maneira que o banco aprecie a operación coa empresa de maneira global.

### ¿Que aspectos se poderán negociar coa entidade de crédito?

- Custe dos produtos de financiamento (pólizas, desconto comercial, leasing, préstamos, etc). É moi importante ter en conta dentro da propia negociación as comisións fixas dos produtos ofertados.
- Volume do crédito ou préstamo.
- Límite do desconto comercial.
- Liñas de avais incluíndo o custe dos mesmos.
- Comisións dos fluxos de cobro e pago (cheques, transferencias, etc).
- Liquidación de impostos e seguros sociais.

A cooperativa debe desde o primeiro momento xerar unha boa imaxe da súa xestión financeira ante o banco para posibilitar unha mellora das condicións. Aquelas operacións de certa transcendencia é conveniente presentalas a varias entidades comparando as condicións en base do mellor prezo. Tamén, é recomendable dar a coñecer ás entidades rexeitadas os motivos polos que seleccionamos outro banco con obxectivo de ter un tratamento futuro mellor do obtido actualmente.

A oferta bancaria pode ser mellorada, “castigando” momentaneamente á entidade ao privarlle de operacións durante un tempo (non descontando papel por exemplo). O banco debe ser o noso aliado á hora de alcanzar os obxectivos definidos.

### Fase IV: SEGUIMIENTO

○ labor de xestión non conclúe co acordo de colaboración senón que se prolonga no tempo mentres dure a relación coa entidade bancaria. Habitualmente non só deben negociarse as novas operacións senón tamén é preciso renegociar as antigas e manter un control permanente sobre o desenvolvemento das condicións pactadas. O xestor financeiro debe prestar unha especial atención ás liquidacións bancarias e non relaxar este aspecto que resulta tan importante para a cooperativa.

#### ¿Que factores deben terse en conta á hora de controlar os movementos que se producen no banco?

- Importes.
- Xuros e comisións derivados das operacións.
- Data de “valor” a efectos do cálculo de xuros nas contas bancarias e que poidan ser distintas ás datas de operación ou contable.
- Servizo.

Este labor de xestión pódese ver simplificado contando cunha base de datos na que se recollan todas as condicións pactadas co banco para a comercialización dos seus produtos ou servizos. Esta información debe manterse actualizada permanentemente.


## Fase V: AVALIACIÓN DA RELACIÓN BANCO – EMPRESA

É vital o valorar a actuación do banco tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo medindo a calidade do servizo prestado a través de:

- As condicións pactadas.
- O volume de erros cometidos e a rapidez en corríxilos.
- Apoio do banco nos momentos difíciles.
- Seguridade á hora de idear as operacións.
- Axilidade no servizo.
- Comportamento e actitude dos xestores bancarios.

Ademais de valorar a calidade do servizo podemos cuantificar a relación que mantemos co banco e tratar de coñecer a rendibilidade que obtén coa nosa empresa.

# O RISCO POR PARTE DOS BANCOS





**A**ta o momento tratamos de definir o marco da negociación co banco pero non podemos obviar que este é unha empresa e como tal ten unha máxima “incrementar os seus beneficios reducindo o risco das súas operacións” isto supón:

- Prestar o diñeiro reducindo ao mínimo as perdas.
- Obter o máximo beneficio co diñeiro prestado.

### ¿Que aspectos estuda o banco á hora de conceder unha operación con risco crediticio?

- **Seguridade e capacidade de reembolso:** O banco reflexionará sobre a capacidade con que conta a cooperativa para facer fronte aos pagos que de forma contractual se pacten. No caso de dúbidas, a entidade solicitará da empresa unha serie de “garantías”.
- **Liquidez:** Non podemos esquecer que os bancos administran os fondos da clientela, de aí que concedan unha gran importancia á recuperación dos fondos prestados no prazo establecido.
- **Rendibilidade:** A entidade ademais de precisar a recuperación do diñeiro prestado pretende obter unha rendibilidade e por suposto unha serie de compensacións así como a posible captación de clientes nos socios/as da cooperativa, o que se podería considerar como un negocio colateral.

Da mesma forma que na cooperativa ideábase distintas etapas na xestión da relación co banco, as persoas xestores do mesmo tamén nos avaliarán en función do risco que lles supoña á nosa empresa a través dunha serie de fases.

## Fase I: RECOLLIDA DE DATOS SOBRE A COOPERATIVA

**A** primeira información que a entidade vai obter da empresa será a través do responsable financeiro da empresa a partir dunha serie de entrevistas persoais. Esta información será contrastada e complementada polo banco para analizar con posterioridade o risco que supón o conceder fondos á empresa.

### ¿Que datos precisa o banco?

- DATOS BÁSICOS:
  - Estrutura do accionariado
  - Relación do persoal directivo
  - Relación dos/as membros do consello reitor
  - Data de constitución
  - Posicionamento no mercado
  - Relación de clientes



- Relación de provedores
- Persoal e evolución do emprego
- Balance e conta de resultados
- Datos fiscais
- Bens
- Relación de avalistas
- Crecemento

• DATOS COMPLEMENTARIOS:

- Comprobación por parte do banco se a cooperativa ten algunha inscrición no RAI (Registro de Aceptacións de Impagados)
- Para coñecer o risco bancario acumulado, así como a súa situación, a entidade solicitará da empresa permiso para consultar coa base de datos do CIRBE (Central de Información de Riscos do Banco de España)
- Para pescudar a posible morosidade da empresa consultarase a base de datos da Asociación Nacional de Entidades Financeiras
- Comprobación dos datos da cooperativa no Rexistro Mercantil
- No caso hipotético de que a cooperativa dispoña de bens consultarase o Rexistro da Propiedade para coñecer se se achan ou non hipotecados
- Informes tanto de axencias como doutros bancos
- Referencias de terceiros




Figura 14.- Información recollida sobre a cooperativa

## Fase II: ANÁLISE DO RISCO DA COOPERATIVA

A través deste tipo de avaliación o banco determinará se a empresa dispón da capacidade suficiente para xerar os fondos a reembolsar.

### ¿Que factores valorará o banco para a toma de decisión á hora de conceder os fondos?

- A reiteración por parte da empresa na solicitude de fondos.
- A non acreditación do destino do diñeiro demandado por parte da cooperativa.
- A concordancia entre o destino dos fondos financeiros e os prazos solicitados.
- Calidade da información económico-financiera.
- A coherencia entre os datos aportados pola cooperativa e os obtidos a través doutras fontes.
- A posible aceptación por parte da empresa dos custes elevados nos produtos sen previa negociación.

## Fase III: ANÁLISE DA COOPERATIVA E O SEU ENTORNO

Dentro deste capítulo vanse avaliar os seguintes aspectos:

- Evolución histórica da cooperativa: Data de constitución e a súa evolución no tempo.
- Capital social: Composición do accionariado.
- Instalacións: Análise tanto das instalacións como dos equipos que posúa a cooperativa (prezo de adquisición, amortización, posibles revalorizacións, etc).
- Recursos humanos.
- Produtos e mercados: Avaliaranse sobre todo o ciclo de vida dos produtos así como a súa estacionalidade e tecnoloxía incorporada.

## Fase IV: ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA

O banco analizará os estados económico-financieiros da cooperativa diferenciando entre o estado interno ou real (previo aos axustes fiscais) e o presentado ante o Rexistro de Cooperativas (as contas anuais da sociedade) e Facenda. A pretensión da entidade crediticia é coñecer se os axustes son consecuencia de ter aplicado as diferenzas de criterio existentes entre os diferentes ámbitos (contable/fiscal). Para facilitar o labor do banco, non só entregaremos os balances e contas de resultados senón que tamén aportaremos os posibles anexos e notas aclaratorias das principais magnitudes e axustes levados a cabo.

## Fase V: ANÁLISE DA RELACIÓN DE BENS

A entidade bancaria non só estudará os bens que se achán en disposición da cooperativa senón tamén das garantías que poden ser prestadas polos seus socios/as determinando a súa existencia e valor.

## Fase VI: SEGUIMIENTO E CONTROL

Concedidos os créditos e iniciada a relación coa cooperativa, o banco manterá unha permanente vixilancia sobre a evolución da empresa e do seu entorno. Periodicamente solicitará datos financeiros actualizados á compañía xeralmente de maneira previa á renovación dos produtos financeiros ou cando incrementen os riscos.

# BIBLIOGRAFÍA





- Cantalapiedra Arenas, Mario (2005): “Manual de gestión financiera para pymes”. Editor CIE Inversiones Editoriales Dossat 2000
- *Libro Blanco do Cooperativismo en Galicia* (2004). Edición Xunta de Galicia Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais Dirección Xeral de Relacións Laborais Consello Galego de Cooperativas
- *Revista de economía Capital*. Varios números. Editorial Grupo G+J (Grupo Bertelmann)
- *Revista de economía Cinco Días*. Varios números. Editorial Grupo Prisa
- *Revista de economía Emprendedores*. Varios números. Editorial Hachette Filipacchi

# NEXUS REDE

retos e desafíos para a adaptabilidade das cooperativas e o fomento da igualdade de oportunidades en sectores estratéxicos da economía galega.



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



PROYECTO  
TRANSNACIONAL  
EQUAL II - EQUALITY



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



Unión de Cooperativas  
Asociación Galega de Cooperativas Agrarias



Unión de Cooperativas  
de Traballo Asociado



FEDERACIÓN DE COOPERATIVAS  
SINERXIA



O PEIRAO  
REDEIRAS ARTESÁS